




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza



Festa da lagosta (A Guarda)



Serra da Grova



Paseo fluvial de Tui

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

Alguns dos principais produtos gastronómicos que podes gozar ao longo desta ruta son as angulas, a lamprea, os grelos, os mirabeiros, as froitas e as verduras, os peixiños de amendoa, os mariscos e os peixes, así como viños e augardentes.

3 Festa da Lagosta e da Cociña Mariñeira (A Guarda)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar no mes de xullo e na que se pode degustar a prezos populares lagosta á prancha ou cocida, xunto con outros produtos como percebes, luras, lagostinos, mexillóns, navallas, polbo... Para a sobremesa hai que probar a rosca de xema, doce tradicional da Guarda.

6 Feira do Viño do Rosal

Festa de Interese Turístico de Galicia, que ten lugar cada terceira fin de semana do mes de xullo, dedicada ao viño do Rosal, baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas. As adegas expoñen os seus produtos e concursan nun certame de cata mentres que as e os visitantes poden degustar os diferentes viños, acompañados de produtos gastronómicos.

ENCLAVES NATURAIS

4 Esteiro do Miño (A Guarda)

Espazo natural protexido e considerado unha das zo-

nas húmidas máis importantes da península ibérica. Nel coinciden o ecosistema fluvial e o mariño e é un punto importante na migración de aves, cunha gran diversidade de fauna e vexetación.

9 Serra da Grova (Tomiño, A Guarda, Oia, Baiona y Gondomar)

Montes rochosos xunto á costa cubertos de matogueira baixa, con piñeiros e carballos nos vales. Esténdese polas poboacións de Tomiño, A Guarda, Oia, Baiona e Gondomar, con puntos coma o monte Lousado, o Alto da Grova ou A Pedra da Gata, que ofrecen vistas panorámicas de gran beleza.

12 Paseo fluvial de Tui


Percorre as beiras do río Miño, con agradables vistas ao río e á ponte internacional. Tamén se pode percorrer o río en barco ou en caiaç.

15 Parque Natural do Monte Aloia e Centro de Interpretación da Natureza

Foi o primeiro Parque Natural de Galicia (1978), situado no límite sur da serra do Galiñeiro. O monte Aloia ofrece atractivas vistas ao val do río Miño. Dispón dunha rede de carreiros, miradoiros e merendeiros, ademais dun centro de interpretación na antiga casa forestal.

📍 Casa Forestal Ingeniero Areses, 37, Pazos de Reis 36700 Tui

☎ +34 986 675 095 🌐 www.xunta.es



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.


<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 03 O Baixo Miño

O SAGRADO NA NATUREZA E O CONTROL DA PAISAXE



Citania de Santa Trega (A Guarda)



SABOREA A COMARCA DO BAIXO MIÑO

O SAGRADO NA NATUREZA E O CONTROL DA PAISAXE

Viaxa polas localidades do Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda e descubre a autenticidade e a identidade do Baixo Miño, moi vinculado ao mar e ao río Miño. Un territorio estratéxico desde a Prehistoria, como evidencia a citania de Santa Trega, que dominou a desembocadura do río Miño nas épocas castrexa e romana, ou os castelos situados en emprazamentos esenciais para o control fluvial.

Pero quizais un dos lugares con máis historia do Baixo Miño sexa a cidade de Tui, convertida en época romana en importante núcleo urbano e nó de comunicación, como evidencia o paso da Vía XIX romana, que finalizaba en Braga (Portugal) cruzando o Miño. Esta comunicación persistiu coa coñecida ponte internacional, que une as dúas marxes do río e, en consecuencia, establece unha comunicación inalterable entre a cidade e o país luso. Tui é, ademais, un tesouro artístico e monumental que emana relixiosidade: sede episcopal, que, coa súa catedral e as importantes coleccións de arte sacra, manifesta o poder eclesiástico, pero tamén reflicte a sobriedade relixiosa con austeros mosteiros, conventos ou igrexas en escondidas rúas e caellas da zona antiga.

Os vínculos entre o mar e o campo están moi presentes na comarca, como demostra o Museo do Mar ou as salinas romanas da Guarda, que reivindicada o seu patrimonio mariñeiro, ou os museos etnográficos e os muíños, heranzas da explotación campesiña nos fértiles vales.



Vista desde o monte de Santa Trega (A Guarda)



Ponte internacional (Tui)




Conxunto histórico-artístico de Tui, exteriores da catedral



Conxunto histórico-artístico de Tui, exteriores da catedral




Monte de Santa Trega (A Guarda)



- 1 - Tui
- 2 - Tomiño
- 3 - O Rosal
- 4 - A Guarda

ruta 03 O Baixo Miño

O SAGRADO NA NATUREZA E O CONTROL DA PAISAXE



MUSEOS

1 Museo do Mar

Atópase situado nunha antiga fortaleza defensiva de planta circular e mostra a estreita relación da Guarda coa cultura do mar, co patrimonio mariñeiro e coa tradición de pesca de baixura.

📍 Paseo Marítimo, 36780 A Guarda
T +34 986 664 145 W www.aguarda.es

2 Citania de Santa Trega e Museo Arqueolóxico de Santa Trega (MASAT)

Poboado castrexo que controla a desembocadura do río Miño e cun período de ocupación desde o século IV a. n. e. ata o século I d. n. e., delimitado por unha muralla e con vivendas exentas, principalmente de planta circular ou ovalada. No museo exhibese unha diversidade de obxectos recuperados como cerámicas, vidros, contas de colar, brazaletes...

📍 Monte de Santa Trega, 36780 A Guarda
T +34 986 614 546 W www.aguarda.es

5 Casa dos Oficios

Centro etnográfico, situado na antiga Cámara Agraria do Rosal, que pon en valor os oficios tradicionais, entre eles o dos cabaqueiros, fabricantes de tellas e ladrillos que tiveron moita importancia grazas á abundancia de auga e de balsas de arxila nesta zona.

📍 R/ Ramón Franco, 36770 O Rosal
T +34 649 297 903 / +34 986 625 000

13 Museo Diocesano de Tui

Situado no antigo Hospital de Pobres e Peregrinos, de 1756, mostra obxectos arqueolóxicos e tamén unha destacable colección de arte sacra procedente da diocese de Tui-Vigo. O museo tamén exhibe obras pictóricas relevantes dos séculos XVII-XIX, así como os singulares "sambenitos", grandes pezas de tea pintadas no século XVII.

📍 Praza do Concello s/n, 36700 Tui
T +34 986 600 870 / +34 986 603 107
W www.museos.xunta.gal/es/diocesano-tui

14 Museo Catedralicio de Tui

No interior da catedral de Tui, concretamente na capela de santa Catalina, expónse o tesouro catedralicio, formado por obxectos e ornamentos litúrgicos, dos que destaca unha talla policromada da Virxe (de finais do século XIV ou inicios do XV) e unha custodia de asento realizada por Juan de Nápoles Mudarra en 1602. No claustro poden admirarse laudas ou sepulcros de época medieval.

📍 Praza de San Fernando s/n, 36700 Tui
T +34 986 603 625 W www.catedraldetui.com/museo-catedralicio/

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

7 Muíños do Folón e do Picón (O Rosal)

Conxunto de 60 muíños en ferverza dos séculos XVIII-XIX, situados na ladeira do monte Campo do Couto, algúns deles na vertente do río Folón e outros na vertente do río Picón. Mostran distintas tipoloxías, aínda que os máis habituais son os muíños de rodicio, con roda motriz horizontal, utilizados para a moenda de cereal, especialmente millo.

8 Fortaleza militar de Goián (Tomiño)

Datada no século XVIII, a súa función principal era o control fluvial e a vixilancia da praia de Vila Nova de Cerveira. No interior edificouse unha polvoreira, unha capela, a casa do gobernador, a do capelán, almacéns, cuarteis, cortellos e pozos para a subministración de auga á guarnición.

10 Ponte internacional (Tui)

Ponte deseñada polo enxeñeiro Pelayo Mancebo y Ágreda consistente nunha longa estrutura metálica en forma de caixón tipo celosía e inaugurado en 1886. Situado entre as poboacións de Tui (España) e Valença do Minho (Portugal), une as dúas marxes do río Miño, tanto para ferrocarril como para automóviles.

11 Conxunto histórico-artístico de Tui

Tui constitúe un singular e espectacular exemplo de urbe medieval, amurallada e situada nun outeiro coroado pola catedral de Santa María, desde onde parte un complexo labirinto de rúas asoportalladas, escaleiras e caellas. O seu legado suevo, visigodo e medieval emana dos seus monumentos, coma a catedral ou antigos conventos e igrexas.



Casa dos Oficios (O Rosal)



Museo Arqueolóxico de Santa Trega (MASAT), A Guarda



Conxunto histórico-artístico de Tui, exterior da catedral



Museo Catedralicio de Tui